

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005233	Agra do Orzán	Coruña (A)	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CSAFD02	Acondicionamento físico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MPI002	Lingua estranxeira profesional II - Inglés	2024/2025	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JUAN PABLO PATIÑO GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O crecemento que está a experimentar o sector do lecer, da condición física e da saúde a nivel autonómico é moi importante e o noso ámbito de influencia xeográfica (concellos de Coruña, Oleiros, Culleredo, Cambre...) non queda atrás. Existen múltiples instalacións, tanto públicas como privadas, adicadas a este sector, así como centros escolares, clubs deportivos, empresas de servizos deportivos, etc. A saída profesional do noso alumnado está garantida.

Non podemos establecer un perfil específico do alumnado en canto á súa procedencia xeográfica xa que é moi variable. Atopámonos con alumnado procedente tanto de poboacións próximas (Oleiros, Cambre, Coruña...) así como de outras moito máis afastadas, polo que a demanda sempre supera a nosa oferta educativa. Realmente isto non inflúe demasiado na adecuación do currículo, xa que o ámbito produtivo ou a saída profesional é a mesma en todo o territorio autonómico (e posiblemente nacional). O certo é que as necesidades de formación do alumnado para a saída profesional máis reclamada (monitor deportivo) queda ben cuberta co deseño de este Ciclo Formativo.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para alcanzar unha competencia comunicativa eficaz en lingua estranxeira, requirida para o desenvolvemento da actividade formativa do alumnado, para a súa inserción laboral e para o seu futuro exercicio profesional. Para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa eficaz cómpre introducir o contexto profesional propio do perfil do técnico superior en Acondicionamento Físico nas actividades de ensino e aprendizaxe.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Modalidades Deportivas e Equipamentos	O entorno físico e os equipamentos. Actividades deportivas de piscina. Modalidades e equipamentos. Clausulas explicativas e especificativas. A comparación en inglés. Deportes de raqueta. Equipamentos deportivos. Tempos continuos. Preposicións de lugar e movemento. Deportes de Equipo. Oracións condicionais	33	50
2	Actividades no Ximnasio. Ocio e Inclusión Social	Términos de diferentes deportes e actividades. Áreas do ximnasio. Oracións condicionais. Advverbios. Voz pasiva. O causativo. O deporte na comunidade.	30	50

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Modalidades Deportivas e Equipamentos	33

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta información do ámbito profesional do técnico superior en Acondicionamento Físico en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	SI
RA2 - Interpreta información profesional do ámbito do técnico superior en Acondicionamento Físico en textos escritos e documentos, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	SI
RA3 - Produce mensaxes orais e mantén conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do técnico superior en Acondicionamento Físico	NO
RA4 - Redacta e cobre documentos de carácter profesional no ámbito do técnico superior en Acondicionamento Físico, coa cohesión e a coherencia requiridas para unha comunicación eficaz	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas propios do ámbito profesional
CA1.2 Extraéronse informacións específicas de mensaxes complexas
CA1.3 Comprenderonse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, e identifícanse as pautas de cortesía asociadas
CA1.4 Identifícanse e utilízanse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira
CA1.5 Interpretouse en textos orais información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional
CA1.6 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral
CA2.1 Identifícanse e utilízanse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira
CA2.2 Interpretouse en textos escritos información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional
CA2.3 Interpretáronse estatísticas e gráficos en lingua estranxeira sobre o ámbito profesional
CA2.4 Léronse e comprendéronse, con un alto grao de independencia, distintos tipos de textos
CA2.5 Identificouse o contido de artigos, noticias e informes sobre temas profesionais

Criterios de avaliación
CA2.6 Analizouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes
CA2.7 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita
CA3.1 Expresouse con fluidez sobre temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas
CA3.2 Utilizáronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, consonte as pautas de cortesía asociadas
CA3.3 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais
CA3.4 Utilizouse un vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación
CA3.5 Comunicouse espontaneamente utilizando correctamente nexos e estratexias de interacción, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias
CA3.6 Formuláronse as preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta da mensaxe
CA3.7 Proporcionáronse as respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas
CA3.8 Transmitíronse con fluidez mensaxes relativas a calquera eventualidade
CA3.10 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión oral
CA4.1 Formalizáronse con corrección e empregando a terminoloxía específica formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros
CA4.2 Redactáronse cartas, correos electrónicos, notas e informes consonte as convencións apropiadas para estes textos
CA4.3 Resumíronse informacións de revistas, folletos e outras fontes, sobre asuntos relacionados co ámbito profesional
CA4.4 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos
CA4.5 Elaboráronse documentos propios da actividade profesional cunha estrutura coherente e con cohesión, empregando o vocabulario e os signos de puntuación adecuados
CA4.7 Redactouse a carta de presentación para unha oferta de emprego
CA4.9 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión escrita

4.1.e) Contidos

Contidos
Textos orais e conversas propios do ámbito profesional. Idea principal e ideas secundarias. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.
Comprensión de mensaxes complexas propias do ámbito profesional.
Mensaxes de saúdo e de despedida. Formas de presentación lingüisticamente complexas. Pautas de cortesía asociadas.
Ferramentas de apoio para a interpretación da lingua estranxeira.
Recursos lingüísticos para a tradución da lingua estranxeira.
Interpretación de información sobre produtos e servizos do ámbito profesional.
Terminoloxía do ámbito profesional.
Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión oral.
Textos específicos do ámbito profesional. Servizos e produtos do ámbito.
Comprensión independente de diferentes tipos de textos.
Interpretación de gráficos e estatísticas.
Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
Información específica en mensaxes técnicas.
Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.
Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión escrita.
Estratexias comunicativas para unha expresión fluída sobre temas profesionais. Relación entre as ideas e mantemento da claridade no discurso oral.
Mensaxes de saúdo, presentación e despedida. Produción consonte as pautas de cortesía asociadas.
Fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.
Vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación.
Estratexias de interacción en conversas habituais do ámbito profesional. Uso correcto de nexos. Nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.
Preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta dunha mensaxe. Respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.

Contidos
<p>Fluidez na transmisión de mensaxes relativas a calquera eventualidade.</p> <p>Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.</p> <p>Formalización de formularios, informes breves e outros documentos normalizados ou rutineiros.</p> <p>Redacción de cartas, correos electrónicos, notas e informes.</p> <p>Estrutura coherente e recursos cohesivos.</p> <p>Vocabulario específico do ámbito profesional.</p> <p>Redacción de cartas de presentación para ofertas de emprego.</p> <p>Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Actividades no Ximnasio. Ocio e Inclusión Social	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta información do ámbito profesional do técnico superior en Acondicionamento Físico en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	SI
RA2 - Interpreta información profesional do ámbito do técnico superior en Acondicionamento Físico en textos escritos e documentos, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	SI
RA3 - Produce mensaxes orais e mantén conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do técnico superior en Acondicionamento Físico	SI
RA4 - Redacta e cobre documentos de carácter profesional no ámbito do técnico superior en Acondicionamento Físico, coa cohesión e a coherencia requiridas para unha comunicación eficaz	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas propios do ámbito profesional

Criterios de avaliación
CA1.2 Extraéronse informacións específicas de mensaxes complexas
CA1.3 Comprendéronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, e identificáronse as pautas de cortesía asociadas
CA1.4 Identificáronse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira
CA1.5 Interpretouse en textos orais información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional
CA1.6 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral
CA2.1 Identificáronse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira
CA2.2 Interpretouse en textos escritos información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional
CA2.3 Interpretáronse estatísticas e gráficos en lingua estranxeira sobre o ámbito profesional
CA2.4 Léronse e comprendéronse, con un alto grao de independencia, distintos tipos de textos
CA2.5 Identificouse o contido de artigos, noticias e informes sobre temas profesionais
CA2.6 Analizouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes
CA2.7 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita
CA3.1 Expresouse con fluidez sobre temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas
CA3.2 Utilizáronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, consonte as pautas de cortesía asociadas
CA3.3 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais
CA3.4 Utilizouse un vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación
CA3.5 Comunicouse espontaneamente utilizando correctamente nexos e estratexias de interacción, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias
CA3.6 Formuláronse as preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta da mensaxe

Criterios de avaliación
CA3.7 Proporcionáronse as respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas
CA3.8 Transmitíronse con fluidez mensaxes relativas a calquera eventualidade
CA3.9 Atendéronse consultas telefónicas propias do ámbito profesional
CA3.10 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión oral
CA4.1 Formalizáronse con corrección e empregando a terminoloxía específica formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros
CA4.2 Redactáronse cartas, correos electrónicos, notas e informes consonte as convencións apropiadas para estes textos
CA4.3 Resumíronse informacións de revistas, folletos e outras fontes, sobre asuntos relacionados co ámbito profesional
CA4.4 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos
CA4.5 Elaboráronse documentos propios da actividade profesional cunha estrutura coherente e con cohesión, empregando o vocabulario e os signos de puntuación adecuados
CA4.6 Elaboráronse documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades
CA4.7 Redactouse a carta de presentación para unha oferta de emprego
CA4.8 Elaborouse un curriculum vitae no modelo europeo (Europass) ou outros propios dos países da lingua estranxeira
CA4.9 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión escrita

4.2.e) Contidos

Contidos
Textos orais e conversas propios do ámbito profesional. Idea principal e ideas secundarias. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.
Comprensión de mensaxes complexas propias do ámbito profesional.
Mensaxes de saúdo e de despedida. Formas de presentación lingüisticamente complexas. Pautas de cortesía asociadas.
Ferramentas de apoio para a interpretación da lingua estranxeira.

Contidos

Recursos lingüísticos para a tradución da lingua estranxeira.

Interpretación de información sobre produtos e servizos do ámbito profesional.

Terminoloxía do ámbito profesional.

Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión oral.

Textos específicos do ámbito profesional. Servizos e produtos do ámbito.

Comprensión independente de diferentes tipos de textos.

Interpretación de gráficos e estatísticas.

Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.

Información específica en mensaxes técnicas.

Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.

Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión escrita.

Estratexias comunicativas para unha expresión fluída sobre temas profesionais. Relación entre as ideas e mantemento da claridade no discurso oral.

Mensaxes de saúdo, presentación e despedida. Produción consonte as pautas de cortesía asociadas.

Fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.

Vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación.

Estratexias de interacción en conversas habituais do ámbito profesional. Uso correcto de nexos. Nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.

Preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta dunha mensaxe. Respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.

Fluidez na transmisión de mensaxes relativas a calquera eventualidade.

Consultas telefónicas propias do ámbito profesional.

Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.

Formalización de formularios, informes breves e outros documentos normalizados ou rutineiros.

Redacción de cartas, correos electrónicos, notas e informes.

Contidos

Estrutura coherente e recursos cohesivos.

Vocabulario específico do ámbito profesional.

Elaboración de documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades.

Redacción de cartas de presentación para ofertas de emprego.

Elaboración do curriculum vitae.

Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

* Grammar & Vocabulary (35%): como utilización dos tempos verbais estudados, encher ocos, transformar oracións, responder a preguntas, etc. e de recoñecemento do vocabulario estudado (tradución, completar definicións, utilízalo en oracións, etc.)

* Reading (Comprensión escrita) (20%): comprobación da lectura comprensiva dun texto mediante preguntas, exercicios de opción múltiple, verdadeiro-falso, etc. e comprobación do grao de comprensión do léxico do texto.

* Writing (Expresión escrita) (25%): exercicios de redacción de distinta tipoloxía de textos, seguindo os modelos estudados na aula.

* Listening (Comprensión oral) (10%): comprobación do grao de comprensión oral de gravacións mediante exercicios de opción múltiple, completar oracións, verdadeiro ou falso, contestar a preguntas, asociar fragmentos a oracións, etc.

* Speaking (Expresión oral) (10%): distintos tipos de probas e con distinta temática, como exposicións (individuais ou en grupo), descrición de fotografías, diálogos, etc.

Os exames e probas para avaliar estas destrezas constituirán un 80% da cualificación final. Os restante 20% será obtido no seguinte apartado:

* Tráballo e actitude (20%): Valorarase positivamente o esforzo, participación e interese do alumno cara á materia, así como as tarefas realizadas na casa e na aula. A asistencia é obrigatoria e poderá ser avaliada de forma negativa se non se xustifica as faltas.

Os exames calificaranse sobre 10 puntos e despois aplicaráselle o 80%. O resultado desta operación será sumado ao obtido polo alumno/a no apartado de traballo e actitude 20%. Deste xeito obtense a cualificación final. O alumnado superará a materia sempre que obteña unha nota mínima de 5, unha vez terminados os diferentes aspectos da avaliación e sumadas as porcentaxes correspondentes de cada parte integrante da cualificación.

As avaliacións non superadas: a avaliación será continua e, polo tanto, NON haberá recuperacións. Se o alumno suspende unha das avaliacións, recupérase aprobando as seguintes, xa que en todas as probas se inclúen contidos das avaliacións anteriores.

Criterios de corrección:

Para a corrección das probas de expresión escrita (Writing) valoraranse os seguintes aspectos:

- Adecuación á tarefa requirida (carta, e-mail, entrada de blog, narración). En caso de que a adecuación sexa nula, é dicir, que a resposta do alumnado non teña nada que ver coa tarefa requirida, os demais criterios non serán aplicables.
- Relevancia do contido e rexistro esixido pola mesma.
- Coherencia e cohesión da información e das ideas, mantendo a liña discursiva, organizándoa en parágrafos mediante o uso adecuado de conectores discursivos estudados, variedade e precisión da información, do léxico e das estruturas empregadas.
- Corrección gramatical (estruturas verbais e nominais, dominio no uso dos tempos adecuados á tarefa), léxica e ortográfica, aínda que pode haber pequenos erros que non impidan a comprensión.
- A proba de expresión escrita deberá ter o número de palabras especificadas no enunciado do exercicio.

Para a corrección da proba oral (Speaking) poderase substituír pola observación na aula se non houberse tempo suficiente para facelo. Valorárase os seguintes aspectos:

- Uso adecuado do vocabulario relacionado co tema.
- Fluidez no uso da lingua (comprensibilidade, pronunciación e entonación).
- Uso correcto das estruturas gramaticais.
- Valoración global.

Un exame NON poderá ser cualificado positivamente cando algunha das partes que se avalíen: Vocabulario e gramática, Listening (comprensión oral), Reading (comprensión escrita), Writing (expresión escrita) e/ou Speaking (expresión oral), estea en branco branco ou moi insatisfactoriamente resolta. Se o/a alumno/a non se presentase a algún exame non poderá aprobar a avaliación por non ter acreditado a súa competencia nesas destrezas. Só se lle admitirá unha causa xustificada (informe médico, defunción dun familiar, etc.) como eximente por non presentarse. Os/As alumnos/as con perda do dereito á avaliación continua só poderán presentarse ao exame final global de setembro con tódolos contidos do curso e os mesmos criterios de avaliación.

Contidos Mínimos:

Os/As alumnos/as terán que demostrar un bo coñecemento de estruturas gramaticais e vocabulario axeitado ao nivel que cursan. Terán que ser capaces de comprender e contestar correctamente aos diferentes tipos de textos escritos e orais. Serán capaces de resumir, traducir, identificar o tema principal e extraer información dos mesmos. Terán que expresarse oralmente e por escrito nun inglés correcto e fluído, de forma coherente e utilizando os elementos correctos de cohesión do discurso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Procedemento para a recuperación das partes non superadas

A avaliación é continua polo que non haberá recuperacións de partes non superadas. Terase en conta o progreso do/a alumno/a durante todo o curso. Dado o tipo de materia que é a Lingua Estranxeira e o seu carácter progresivo, os contidos iranse acumulando nas sucesivas probas escritas e orais, facendo así que a materia sexa continua, formativa e integradora. O alumnado que non supere satisfactoriamente unha parte ou trimestre do curso poderá recibir tarefas de reforzo e extensión dos contidos non adquiridos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdesse o dereito a avaliación continua deberá superar unha proba extraordinaria na que será avaliado das seguintes destrezas e coñecementos:

- * Grammar & Vocabulary (35%): como utilización dos tempos verbais estudados, encher ocos, transformar oracións, responder a preguntas, etc. e de recoñecemento do vocabulario estudado (tradución, completar definicións, utilízalo en oracións, etc.)
- * Reading (Comprensión escrita) (20%): comprobación da lectura comprensiva dun texto mediante preguntas, exercicios de opción múltiple, verdadeiro-falso, etc. e comprobación do grao de comprensión do léxico do texto.
- * Writing (Expresión escrita) (25%): exercicios de redacción de distinta tipoloxía de textos, seguindo os modelos estudados na aula.
- * Listening (Comprensión oral) (10%): comprobación do grao de comprensión oral de gravacións mediante exercicios de opción múltiple, completar oracións, verdadeiro ou falso, contestar a preguntas, asociar fragmentos a oracións, etc.
- * Speaking (Expresión oral) (10%): distintos tipos de probas e con distinta temática, como exposicións (individuais ou en grupo), descrición de fotografías, diálogos, etc.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Por medio das reunións periódicas procederase ao seguimento da programación de cada curso. Nestas reunións analizaranse os problemas atopados no proceso de ensino aprendizaxe e valorarase a necesidade de cambios e axustes na programación. Neste senso, o profesor poderá acordar a modificación da programación, especialmente no que se refire a temporalización e realización dos contidos propostos, especialmente cando, por distintas causas -acumulación de días non lectivos, actividades extraescolares, etc.-, non é posible acadar os obxectivos de cada trimestre, ou porque no momento de poñelos en práctica consideremos que un determinado grupo ou nivel presenta máis dificultades ou precisa máis tempo para reforzar os contidos aprendidos.

Outro dos cometidos destas reunións é a de establecer medidas de reforzo para aqueles alumnos e alumnas que presentan dificultades na materia, de xeito que se podan poñer ao nivel do resto do grupo ou acaden, polo menos, os contidos mínimos. Tódolos axustes e cambios necesarios atopados nestas reunións de seguimento serán tidos en conta na realización da programación.

A práctica docente será avaliada polo alumnado mediante o procedemento de enquisas sobre o desenvolvemento do proceso de ensini-aprendizaxe.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Comezase o curso realizando unha avaliación inicial co fin de valorar os coñecementos previos dos alumnos e alumnas. Utilizamos como modelo as probas propostas polos manuais de cada nivel, avaliando os cinco bloques de contidos.

A avaliación inicial ou de diagnóstico ten como finalidade adecuar as ensinanzas da nosa materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Os obxectivos que pretendemos con dita avaliación son:

- obter información sobre os coñecementos previos dos nosos alumnos na materia de inglés
- propoñer actividades posteriores de acordo á situación de partida.
- iniciar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Cando se detecta unha deficiencia xeneralizada nalgún dos puntos, entendemos que ese contido non está asimilado, polo que a medida que adoptamos é a de tratar dito elemento lingüístico como algo novo ou casi novo.

Esta proba de avaliación inicial daranos unha idea aproximada da situación do grupo para atender á diversidade. Enténdese por medidas de atención a diversidade o conxunto de accións educativas que nun sentido amplo intentan dar resposta ás necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado do centro e, entre eles, aos que requiren unha actuación específica derivada en moitos casos de factores persoais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de compensación lingüística, comunicación e da linguaxe, ou de discapacidade física, psíquica, ou sensorial.

As actuacións máis cotiás son as que se refiren por unha banda ao alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma, e por outra aos que teñen algún tipo de discapacidade sensorial, fundamentalmente, problemas de vista ou audición.

Clases con alumnado con diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma:

En moitas ocasións conviven nas aulas alumno/as que tiveron contacto coa lingua hai moito tempo e perderon contacto con calquer tipo de aprendizaxe, e alumno/as que presentan niveis homoxéneos de competencia dentro das catro destrezas.

Alumnado con discapacidades sensoriais

Aínda que algunhas das estratexias mencionadas anteriormente poden ser válidas tamén para estudantes con algunha discapacidade, queda claro que esta situación presenta outros problemas adicionais, que en moitos casos afectan ao resto do alumnado, ao profesor, e que lle impiden ao alumnado discapacitado enfrentarse con éxito ás actividades e levar o ritmo da clase.

Para evitar todo isto, é fundamental que o enfoque sexa multisensorial e multitarefa para integrar a certo tipo de alumnado, dándolles a aqueles con algunha discapacidade visual o auditiva a oportunidade de participar. Un achegamento multisensorial, onde se integren as catro destrezas de leer, escoitar, escribir e falar fará que este alumnado teña máis posibilidades de éxito.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O alumnado que non responda aos obxectivos programados poderá recibir unhas medidas de reforzo que consistirán en traballo extra para realizar na casa (remedial work and expansion activities) O profesor correxirá este traballo e explicará os erros cometidos. O uso das TIC pode tamén formar parte destas medidas de reforzo, co uso de exercicios de autocorrección ou a interacción real a través da rede con outros usuarios da lingua. Os alumnos reforzarán as áreas onde atopen carencias . O profesor pode tamén facilitar ligazóns recomendables, material de audio, etc.

Se nos decantásemos de que os alumnos necesitan máis tempo para obter un bo resultado nos exames, dividiríamos os exames en diferentes sesións para proporcionarlles ese tempo extra necesario.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais son procesos activos e permanentes que pretenden informar e formar o alumnado. Responden a situacións patentes no ámbito social e que inciden na dimensión ética e persoal de interese común da sociedade. Estas ensinanzas transversais entran no campo da Educación de Valores, tan importantes para o desenvolvemento persoal do alumnado como para un proxecto de sociedade libre e pacífica, respectuosa cara ás persoas, animais e natureza. E unha linguaxe igualitaria, aberta e respectuosa deberá estar sempre presente na docencia.

O enfoque educativo de este Departamento permite contemplar a totalidade dos temas transversais con maior ou menor intensidade.

Temas e contidos posibles:

Educación para á paz : ten por obxectivo xeral aprender actitudes básicas para unha convivencia libre, democrática e solidaria.

Os valores propostos son:

- comprensión , aceptación e respecto cara ós demais.
- apertura e flexibilidade ante as opinións dos outros
- toma de conciencia dos problemas de violencia e inxustiza existentes.

Educación para la igualdad entre sexos : desterrar o tratamento discriminatorio que sofren as persoas en función do seu sexo .

Os valores propostos son:

- actitude crítica ante os prexucios sexistas na sociedade e nos medios de comunicación.
- rexeitamento de todo tipo de actitudes sociais discriminatorias.
- cuidado no emprego dun léxico non sexista.

Educación ambiental: capacitar ao alumnado para a comprensión do medio no que están inmersos .

Os valores propostos son:

- toma de postura coherente a favor do medioambiente e en contra da crueldade cos animais domésticos.
- tomar conciencia das asociacións protectoras da flora e fauna.

Educación cívica :desenvolver acontidos actitudinais de interese, respecto e valoración referidos as linguas e as súas variedades , as diferentes

culturas.

Os valores propostos son:

- comprensión e respecto cara ás demais culturas.
- aceptación do intercambio de ideas, costumes distintas.
- apertura e dispoñibilidade para o intercambio no mercado de traballo.

Educación del consumidor: dotar ó alumnado de análise crítica fronte ás ofertas da sociedade de consumo.

Os valores propostos son:

- actitude crítica fronte a todo tipo de incitación ó consumo.
- uso responsable dos recursos.
- actitude crítica fronte as mensaxes publicitarias.

Educación para á saúde : potenciar actitudes que permitan unha mellor calidade de vida.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Actividades relacionadas con eventos culturais e tradicionais das sociedades de fala inglesa: Halloween, Thanksgiving Day, Christmas, etc
- Traballar con cancións en lingua inglesa.